www.laranaenconcurso.es · copia de cortesía · www.laranaenconcurso.es · copia de cortesía

IV PREMIO DE NOVELA "CAMIÑO DE SANTIAGO"

A Academia Xacobea en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o patrocinio de Aluminios Cortizo S.U.L, convoca o IV Premio de Novela Camiño de Santiago cuxa obra gañadora será publicada pola Editorial Galaxia, co fin de promover e divulgar o Camiño de Santiago e o fenómeno xacobeo, de acordo coas seguintes

BASES

1. A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen cunha novela escrita en castelán ou galego, conforme ás normativas establecidas, en cada caso, pola Real Academia Española e a Real Academia Galega.

Os autores e autoras só poderán enviar unha obra a concurso, que deberá ser orixinal e inédita en todos os formatos, total e parcialmente, e non poderá ter sido premiada noutros concursos. Non se considerarán obras orixinais aquelas concibidas ou elaboradas empregando ferramentas de Intelixencia Artificial Xenerativa.

2. Será outorgado un único premio dotado con TRES MIL EUROS (3.000,00 €) suxeitos ás retencións legais que resulten aplicables. O gañador ou gañadora recibirá tamén un diploma acreditativo e verá a súa obra publicada pola Editorial Galaxia en galego como un libro máis do seu catálogo, e en castelán como unha publicación dixital dentro do selo Mar Maior. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos da primeira edición (publicación, distribución e explotación) en castelán e galego do texto gañador. Estes dereitos corresponden, en exclusiva, á Academia Xacobea, que publicará a obra a través da Editorial Galaxia S.A. ou cunha empresa do seu grupo. Ademais, farase entrega de vinte e cinco exemplares ao autor ou autora gañadora.

Así mesmo, poderase designar un accésit sen dotación económica para a mellor obra literaria presentada na lingua que non obteña o primeiro premio, á que se concederá tamén diploma acreditativo.

O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que os orixinais presentados non reúnen a calidade suficiente.

3. O Camiño de Santiago será o tema referencial para a ficción narrativa, que deberá estar presente, de maneira notoria na obra na súa vertente física, histórica, cultural, social ou imaxinaria.

Poderanse presentar novelas, relatos e conxuntos de relatos. Terán unha extensión de entre 150.000 e 250.000 caracteres con espazos.

Os autores remitirán as súas obras, na forma, prazo e requisitos que se establecen a continuación:

a. As obras presentaranse en papel e en soporte dixital (lapis USB) nun sobre xeral onde conste: "IV Premio de Novela Camiño de Santiago". O orixinal en papel será enviado en tamaño DIN A4, polas dúas caras, numeradas, grampado ou encadernado. O orixinal en soporte dixital será enviado en formato PDF ao correo electrónico da Academia Xacobea: info@academiaxacobea.gal.

b. Incluirase outro sobre pechado no sobre xeral cos seguintes datos no seu exterior: "IV Premio de Novela Camiño de Santiago", título da obra e un lema ou o pseudónimo da persoa que sexa a súa autora. Acompañarase no interior do sobre copia do documento nacional de identidade, enderezo, número de teléfono, correo electrónico do autor ou autora, ademais dunha breve nota biográfica, e unha declaración expresa de que a obra non foi premiada ata a data de presentación en ningún outro certame literario, nin foi obxecto de publicación.

c. Ademais, deberase incluír no sobre xeneral outro escrito no que conste a conformidade do autor ou autora á cesión dos dereitos de edición en papel e dixital en castelán e galego da súa obra para o caso que resulte gañadora, incluídos os de publicación, distribución e explotación.

4. As novelas enviaranse antes do 25 de novembro de 2026 ao seguinte enderezo:

Academia Xacobea
Edificio CEM – Cidade da Cultura de Galicia.
Monte Gaiás s/n
15707 Santiago de Compostela

5. O Xurado estará composto por cinco personalidades do mundo literario designados pola Academia Xacobea, un deles, en representación da Editorial Galaxia. Actuará como secretario/a do Xurado, con voz e voto, unha persoa designada para ese efecto.

A composición do Xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Academia Xacobea.

6. O Xurado actuará coa asistencia da maioría simple dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

7. O fallo do xurado será inapelable e farase público o 30 de decembro de 2026.

8. O premio será entregado nun acto oficial que terá lugar no ano 2027, cando a obra premiada estea publicada. No devandito acto estarán presentes representantes da

Academia Xacobea e das institucións colaboradoras, da empresa patrocinadora e da editorial, así como os membros do Xurado e o gañador ou gañadora.

9. O día concreto de entrega farase público coa suficiente antelación na páxina web da Academia Xacobea: www.academiaxacobea.gal

10. Non se manterá correspondencia sobre a documentación presentada polos participantes. Os orixinais non premiados serán destruídos tras facerse pública a resolución de xurado.

11. A presentación das obras supón a aceptación destas bases por parte das persoas que participen na convocatoria, que ademais teñen o deber de comunicar á Academia Xacobea a concesión de calquera premio ou publicación que obteña a obra presentada durante o transcurso do premio e que producirá a automática exclusión da mesma.

12. A decisión sobre os aspectos non incluídos nestas bases ou aqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, correspóndelle á Academia Xacobea, a cal, unha vez consultados os membros do Xurado e as entidades colaboradoras, emitirá ditame que será inapelable.

Santiago de Compostela 25 de maio de 2026.

Marcelino Agís Villaverde

Presidente da Academia Xacobea

IV PREMIO DE NOVELA "CAMINO DE SANTIAGO"

La Academia Xacobea en colaboración con la Secretaría Xeral da Lingua, de la Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia y el patrocinio de Aluminios Cortizo S.U.L, convoca el IV Premio de Novela Camino de Santiago cuya obra ganadora será publicada por la Editorial Galaxia, con el fin de promover y divulgar el Camino de Santiago y el fenómeno jacobeo, de acuerdo con las siguientes

BASES

1. A este premio podrán concurrir todos los autores y autoras que lo deseen con una novela escrita en castellano o gallego, conforme a las normativas establecidas, en cada caso, por la Real Academia Española y la Real Academia Galega.

Los autores y autoras solo podrán enviar una obra a concurso, que deberá ser original e inédita en todos los formatos, total y parcialmente, y no podrá haber sido premiada en otros concursos. No se considerarán obras originales aquellas concebidas o elaboradas empleando herramientas de Inteligencia Artificial Generativa.

2. Será otorgado un único premio dotado con TRES MIL EUROS (3.000,00 €) sujetos a las retenciones legales que resulten aplicables. El ganador o ganadora recibirá también un diploma acreditativo y verá su obra publicada por la Editorial Galaxia en gallego como un libro más de su catálogo, y en castellano como una publicación digital dentro del sello Mar Maior. La cuantía del premio incluye la adquisición de los derechos de la primera edición (publicación, distribución y explotación) en castellano y gallego del texto ganador. Estos derechos corresponden, en exclusiva, a la Academia Xacobea, que publicará la obra a través de la Editorial Galaxia S.A. o con una empresa de su grupo. Además, se hará entrega de veinticinco ejemplares al autor o autora ganadora.

Asimismo, se podrá designar un accésit sin dotación económica para la mejor obra literaria presentada en la lengua que no obtenga el primer premio, a la que se concederá también diploma acreditativo.

El premio podrá declararse desierto siempre que el jurado considere que los originales presentados no reúnen la calidad suficiente.

3. El Camino de Santiago será el tema referencial para la ficción narrativa, que deberá estar presente, de manera notoria en la obra en su vertiente física, histórica, cultural, social o imaginaria.

Se podrán presentar novelas, relatos y conjuntos de relatos. Tendrán una extensión de entre 150.000 y 250.000 caracteres con espacios.

Los autores remitirán sus obras, en la forma, plazo y requisitos que se establecen a continuación:

a. Las obras se presentarán en papel y en soporte digital (lápiz USB) en un sobre general donde conste: "IV Premio de Novela Camino de Santiago". El original en papel será enviado en tamaño DIN A4, por las dos caras, numeradas, grapado o encuadernado. El original en soporte digital será enviado en formato PDF al correo electrónico de la Academia Xacobea: info@academiaxacobea.gal

b. Se incluirá otro sobre cerrado en el sobre general con los siguientes datos en su exterior: "IV Premio de Novela Camino de Santiago", título de la obra y un lema o el seudónimo de la persona que sea su autora. Se acompañará en el interior del sobre copia del documento nacional de identidad, dirección, número de teléfono, correo electrónico del autor o autora, además de una breve nota biográfica, y una declaración expresa de que la obra no fue premiada hasta la fecha de presentación en ningún otro certamen literario, ni fue objeto de publicación.

c. Además, se deberá incluir en el sobre general otro escrito en el que conste la conformidad del autor o autora a la cesión de los derechos de edición en papel y digital en castellano y gallego de su obra para el caso que resulte ganadora, incluidos los de publicación, distribución y explotación.

4. Las novelas se enviarán antes de 25 de noviembre de 2026 a la siguiente dirección:

Academia Xacobea
Edificio CEM – Cidade da Cultura de Galicia.
Monte Gaiás s/n
15707 Santiago de Compostela

5. El Jurado estará compuesto por cinco personalidades del mundo literario designados por la Academia Xacobea, uno de ellos, en representación de la Editorial Galaxia. Actuará como secretario/a del Jurado, con voz y voto, una persona designada a tal efecto.

La composición del Jurado se dará a conocer, con anterioridad a su reunión, en la página web de la Academia Xacobea.

6. El Jurado actuará con la asistencia de la mayoría simple de sus miembros. Las deliberaciones serán secretas y de ellas se redactará el acta correspondiente.

7. El fallo del jurado será inapelable y se hará público el 30 de diciembre de 2026.

8. El premio será entregado en un acto oficial que tendrá lugar en el año 2027, cuando la obra premiada esté publicada. En dicho acto estarán presentes representantes

de la Academia Xacobea y de las instituciones colaboradoras, de la empresa patrocinadora y de la editorial, así como los miembros del Jurado y el ganador o ganadora.

9. El día concreto de entrega se hará público con la suficiente antelación en la página web de la Academia Xacobea: www.academiaxacobea.gal

10. No se mantendrá correspondencia sobre la documentación presentada por los participantes. Los originales no premiados serán destruidos tras hacerse pública la resolución de jurado.

11. La presentación de las obras supone la aceptación de estas bases por parte de las personas que participen en la convocatoria, que además tienen el deber de comunicar a la Academia Xacobea la concesión de cualquier premio o publicación que obtenga la obra presentada durante el transcurso del premio y que producirá la automática exclusión de la misma.

12. La decisión sobre los aspectos no incluidos en estas bases o aquellos que pudieran ser objeto de interpretación, le corresponde a la Academia Xacobea, la cual, una vez consultados los miembros del Jurado y las entidades colaboradoras, emitirá dictamen que será inapelable.

Santiago de Compostela 25 de mayo de 2026.

Marcelino Agís Villaverde

Presidente de la Academia Xacobea